

Memoria de actividades profesionais realizadas

(Suxestión para a presentación de solicitude de Carta de Artesán ou Artesá. Máximo 6 páxinas incluídas fotografías)

1) Datos completos da persoa solicitante:

Nome e apelidos

Enderezo completo (rúa, número e piso, código postal, poboación, provincia)

Se o obradoiro está nun enderezo distinto do domicilio, indicar tamén o enderezo.

Teléfono

DNI

Redes sociais (páxina web, facebook, etc)

Indicar a actividade artesanal que se solicita segundo o listado oficial actual:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170425/AnuncioG0424-180417-0014_gl.pdf

A función desta memoria é que os membros da Comisión Galega de Artesanía coñezan a traxectoria da persoa que solicita a Carta de Artesán ou Artesá vinculada a actividade artesanal que se solicita, a modo de curriculum profesional.

2) Indicar a formación da que se dispón, con quen aprendeu o oficio, por canto tempo e onde.

Se a formación é autodidacta, indicar de onde se obtiveron os coñecementos e dende cando se realiza a actividade.

3) Se se realizaron cursos, aínda que fosen informais, indicar nun listado: lugar, data, horas, materias, nome dos profesores e datos de contacto.

4) Indicar se a actividade se realiza por afección, como complementaria doutra actividade profesional, como traballo por conta allea, como actividade de tempo libre, con pretensión de exercicio profesional (aínda que neste momento non se exerza), ou xa como profesional (se xa se exerce habitualmente e as pezas ou produtos que se elaboran se venden ou se tratan de vender), etc.

5) Indicar as feiras, exposicións ou calquera outra actividade na que se participase.

6) Describir brevemente as singularidades da actividade, tipo de produtos, servizos ou obras realizadas.

Exemplos:

Carpintería: Produción de mobiliario en xeral, restauracións, carpintería para a construción, xogos e elementos de xardín.

Marroquinería: Bolsos, carteiras, correas, cintos, fundas, maletas, trezados, ...

7) Incluír suficientes fotografías dos produtos para mostrar o catálogo de traballos que se realizan e, se é posible, do obradoiro ou espazo de traballo.

8) Calquera outra información ou documentación adicional que axude a describir a actividade que se realiza.